

XA TEMOS SELECCIÓN

O pasado ano, no mes de novembro, estrenouse a nosa selección galega no estadio de San Lázaro da man de Fernando Vázquez e o adestrador de honra Arsenio Iglesias, con xogadores como Michel Salgado, e até Fran, que participou no partido.

Como era de esperar, a nosa selección gañou por 3-2; aínda que o partido se quería vir abaixo no último momento e tirar todo o que se conseguira en case todo o partido, a selección sóubose manter. "Empezamos moi ben, controlando o partido na



primeira parte", dixo o madridista Michel Salgado, que manifestou estar moi contento de poder xogar coa selección galega.

No principio da segunda parte, o Uruguai empatou o partido co resultado de 2-2, pero no minuto 90 marcou o terceiro gol, quinto do partido.

Esperemos que no próximo partido os clubs que non lles deron permiso o fagan para que poidan xogar, e ánimo a todos, que a nosa selección vai chegar moi lonxe!

MARTA RIVADULLA, B1C

O PARTIDO DA NOSA SELECCIÓN

O pasado 29 de decembro puiden estar no estadio municipal de San Lázaro en Santiago de Compostela para poder ver o partido da nosa Selección Galega.

Aínda hoxe se me pon a pel de galiña recordando cada gol e como os "siareiros" o celebrabamos. Todos estabamos ansiosos por que comezara o verdadeiro encontro do século.

Foi unha festa do fútbol, 12.000 gorxas berrando o himno galego ou cantigas como "Fraga, (...), xa temos selección" ou "español o que non vote" ou "mira Maruxiña, miraaa, ei, mira como veño" ou a *Rianxeira* por cada gol da nosa selección. Tamén ese día histórico sentín algo increíble: por un día todo o mundo esqueceu a rivalidade entre os dous equipos galegos da primeira división (Celta e Depor). Este día sentímonos todos unidos, apoiando unha única causa "a nosa selección", por un día toda a afección galega berraba por unha mesma causa, e nos bares non se viu o do Celta por un lado e os do Depor por outro.

Parabéns á organización do partido, que foi espléndida (exceptuando que o estadio quedou un pouco pequeno), aos xogadores, a Arsenio Iglesias e a Fernando Vázquez. Pero non esquezaades que queremos volver a sentir o que sentimos aquel 29 de decembro nun futuro moi próximo.

ROBERTO PÉREZ CASTRO, S3B